

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 7 de xullo de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 07/07/2021
- II. Asistentes á CGIC do 07/07/2021
- III. Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
 - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
 - c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
 - e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- IV. Anexos 1 e 6 do Manual de Calidade.

Ábrese a sesión ás 10 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 24 de maio de 2021.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. **Informe do Coordinador.**

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade dende a anterior sesión da CGIC:

- **Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola:**
 - ✓ 11 xuño 2021: a Área de Calidade traslada o informe final FAVORABLE da ACSUG. O informe recolle as alegacións achegadas polo centro ao informe provisional pero se manteñen todas as recomendacións de mellora. Máis adiante tratarase nunha Comisión de Calidade a proposta das accións de mellora correspondentes.
- **Xestión de acordos previos :**
 - ✓ **Indicador I07(2)-DO:** incluír na enquisa de satisfacción a persoas tituladas a valoración sobre o TFM/TFG en base á inclusión dalgunhas preguntas concretas.
 - 2 xuño 2021: a Área de Calidade achega a proposta de enquisa específica para o centro coas cuestións correspondentes para a última revisión e decidir a quen e cando se envía.
 - 18-22 xuño 2021 dende o centro achéganse propostas de corrección da enquisa e acórdase preparar a enquisa para setembro coa poboación dos cursos 20/21, 19/20 e 18/19, tanto dos graos como do máster.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Programa DOCENTIA**
 - ✓ 26 maio 2021: consulta do profesor Benito Vázquez sobre as taxas de éxito e rendemento recollidos no ítem 3.1 da valoración do curso 2018-2019. Constatase que os ítems están intercambiados nos parágrafos da valoración de DOCENTIA, e atópase un erro na táboa do IRPD 2018-19 (están intercambiadas as columnas Taxa de Rendemento e Taxa de Avaliación).
 - ✓ 30 xuño 2021: desde a dirección do centro organízase unha sesión informativa para o PDI do centro sobre a convocatoria do novo Programa Docentia Quinquenal (na liña dunha acción de mellora encamiñada a potenciar a participación do PDI no programa).
- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Avaliación Docente**
 - ✓ 31 maio 2021: achegan arquivo coa participación por titulacións acadada ata o día 27 de maio e pregan que se realicen aquelas accións que se consideren oportunas para aumentar a participación do alumnado na realización das enquisas.
 - ✓ 10 xuño 2021: fin do prazo de participación nas EAD.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción**
 - ✓ 15 xuño 2021: seguimento da participación na enquisa das entidades empregadoras (resposta de unha empresa nas enquisas correspondentes aos tres títulos do centro). A dirección do centro xa trasladou a ligazón da enquisa a máis entidades.
 - ✓ 22 xuño 2021: achegan informes dos resultados das enquisas de satisfacción coas titulacións de Grao e Mestrado das persoas tituladas e PAS do curso 2020-21; están pendentes de análise.
- **Comunicacións da Área de Calidade – DOCNET**
 - ✓ 26 maio 2021: inicio do proceso de elaboración das guías docentes coa apertura de DOCNET para as persoas coordinadoras de xeito que poidan ir verificando a carga de materias e fixando os prazos internos do centro.

➤ **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2020-2021:**

- ✓ Rexistros abertos na plataforma:
 - **R1-DO0203 P1** Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo **PAT-ANEAE**; o 29 de xuño celébrase unha primeira reunión da dirección coas responsables MEET e PIUNE do centro para establecer as bases de cara á súa elaboración. Tratarase nunha próxima sesión da comisión.
 - **R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia.** Está pendente de valoración e elaboración.
 - **Accións de Mellora** na plataforma do SGIC. Está pendente actualizar os cambios recollidos no IRPD 2019-2020: cambio de estado das accións anteriores e introdución das novas.

A Presidenta agradece ao coordinador de calidade o traballo realizado.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2021-2022.

A Presidenta lembra que para cada grao coexisten dous plans de estudos: o plan novo e o plan en extinción. A novidade no próximo curso é a implantación do segundo curso dos plans novos dos graos, polo que as guías das materias correspondentes parten de cero e moitas delas teñen cambios importantes de contidos.

A continuación cede a palabra as persoas coordinadoras das titulacións para que expoñan as súas valoracións das guías docentes, recollidas no Anexo III, e do proceso de elaboración e supervisión das mesmas.

María Araújo, coordinadora do Grao ERME, sinala que nas guías das materias de 3º e 4º do plan vello case que non houbo cambios e a meirande parte consistiron no axuste da planificación á PDA ou a nova inclusión dunha materia como *english friendly*.

En canto ao plan novo, comenta que nas materias de 1º houbo poucas modificacións, sobre todo para o axuste da planificación á PDA, e sinala que o traballo se centrou nas materias de 2º nas que se partiu de cero e se puxo especial atención na correspondencia de contidos coas memorias de verificación das titulacións e das horas B con prácticas de laboratorio. Non houbo problemas importantes.

A Directora sinala o caso especial da guía docente de Tecnoloxía ambiental. Trátase dunha materia nova de segundo curso de ambos os graos, cun cambio de contidos importante, e que está asignada en POD unicamente a un profesor que non pode realizar a tarefa de elaboración da mesma por cuestións administrativas, sendo ademais o único profesor da área.

Desde a dirección realizouse unha consulta a Asesoría Xurídica sobre como proceder. Recibiuse a resposta da Asesoría Xurídica no que se conclúe que: *“No presente caso,, trátase dunha eventualidade non prevista na normativa, polo que entendemos que se trata dun aspecto organizativo, ao que deberá darse resposta desde o órgano competente (parece que en principio a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, ou a COAP dentro das súas facultades de elaboración das normas complementarias da normativa, segundo a súa Disposición Final), ben indicando se procede unha adaptación dos prazos, ben indicando quen debe encargarse da elaboración, etc...”*

Recibido o informe de Asesoría Xurídica, que deu traslado do mesmo tamén á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, a dirección do centro púxose en contacto coa á Vicerreitoría para consultar como proceder. Desde a Vicerreitoría indicouse que se trasladase desde o centro unha proposta de guía docente, recollendo o procedemento de elaboración, e a proposta sería valorada pola COAP

Decidiuse solicitar ao departamento responsable da impartición da materia unha proposta de guía para empezar a traballar. O departamento fixo unha proposta de configuración inicial da materia, axustada a ficha da materia na memoria de verificación, e a directora do centro e as persoas coordinadoras dos dous graos revisaron a proposta e fixeron algúns axustes, chegando a proposta que se trae á Comisión de Calidade para a súa valoración. Se se aproba a guía pola Comisión de Calidade e Xunta de Escola, enviarase a COAP para que dea o visto bo.

A Directora agradece a Teresa Rivas e a Fernando García, directora e secretario do Departamento ao que está asignada a docencia da materia, a súa colaboración neste proceso.

Francisco Deive, coordinador do GEE, sinala que en 3º e 4º cursos do plan vello soamente se fixeron cambios puntuais nalgúns materias e indica que 1º e 2º cursos do plan novo son comúns co outro grao, polo que os dous coordinadores revisaron as guías conxuntamente.

Apróbanse por asentimento as guías das materias dos graos.

En relación as guías docentes do máster a Presidenta sinala que o ano que ven a Escola vai solicitar o selo EURACE, referente de calidade europeo que xa teñen algunhas enxeñarías da UVIGO, para a titulación de Máster. Entre outras cousas, vaise valorar que as guías docentes reflicten de maneira expresa que se traballan determinados contidos, competencias ou resultados de aprendizaxe. Por elo suxeriuse ao PDI que, se traballa nas aulas contidos ou resultados de aprendizaxe destes tipos, o indicaran expresamente nas guías, co obxecto de recoller de forma máis precisa o que se está a facer, mantendo a correspondencia coa ficha da materia na memoria de verificación.

Guillermo García, coordinador de primeiro curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, comenta que no proceso de revisión das guías docentes das materias do máster contou coa colaboración da anterior responsable, Teresa Rivas, a quen agradece a súa axuda e

suxestións. Sinala que a revisión se centrou na supervisión das incorporacións de contidos ou resultados de aprendizaxe relacionados co selo EURACE, na adecuación dos sistemas de avaliación e no axuste da planificación das materias á PDA. Agradece a colaboración de todo o profesorado.

Teresa Rivas fai unhas precisións sobre o proceso de revisión e, como enlace de Igualdade do centro, felicita e fai constar o seu agradecemento ao PDI que introduciu cuestións de perspectiva de xénero nas guías docentes.

Apróbanse por asentimento as guías docentes da titulación de máster.

María Araújo sinala que na guía das titulacións en DOCNET incluíuse o apartado novo “Avaliación”. O motivo é que na última versión do regulamento de estudantes da Universidade de Vigo (DOG Núm. 97, Mércores, 26 de maio de 2021), no artigo 3.10, se indica que o estudantado ten dereito *“a ser avaliado en réxime de avaliación continua, dispoñendo como alternativa de probas de avaliación global en todas as materias e oportunidades de avaliación do curso académico”*.

A Presidenta aclara que se fixeron consultas á Vicerreitoría de Captación de Estudantado, Alumnado e Extensión Universitaria sobre a avaliación global e continua e sistema de cualificación. Desde a Vicerreitoría trasladouse que está pendente de elaboración un regulamento de avaliación e cualificación e que o marco normativo non está claro. Como o marco non está totalmente definido nin claro dabondo, decidiuse non incluílo na sección avaliación de cada guía docente se non habilitar un procedemento básico e flexible de renuncia á avaliación continua por parte do alumnado e incluílo na guía da titulación. A moso o texto recollido en DOCNET e o comenta, salientando o establecemento dun prazo mínimo de 3 semanas desde o comezo das clases para comunicar a decisión de renuncia á avaliación continua en cada materia.

Teresa Rivas pregunta se a renuncia a avaliación continua ten que ser xustificada. A Presidenta da lectura ao que di o artigo do regulamento e sinala as dúbidas que aínda están sen resolver normativamente.

María Araújo sinala que, a falta dun regulamento claro, se trata de propor un marco de traballo dende o centro, coa idea de darlle difusión e información tanto ao profesorado como ao alumnado e resolver as eventuais problemáticas na Comisión Permanente.

Luisa Álvarez pregunta se hai algún procedemento para a renuncia á avaliación continua. A Presidenta responde que quedaría a criterio do equipo docente de cada materia e que o importante é que o alumnado este informando adecuadamente, garantindo que non teña que tomar a decisión de renuncia á avaliación continua nun prazo inferior ás 3 semanas desde o comezo das clases.

Apróbase por asentimento a inclusión deste epígrafe nas guías das titulacións.

A Presidenta agradece o traballo de coordinación de elaboración das guías docentes das titulacións do centro a María Araújo, Francisco Deive, Guillermo García e Teresa Rivas.

4. Aprobación, se procede, da actualización dos anexos do Manual de Calidade do centro.

A Presidenta cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen lembra que a documentación relativa a este punto xa foi enviada aos membros da comisión (Anexo IV) e informa que se trata de actualizar os dous anexos do manual de calidade que recollen os procedementos en vigor, trala aprobación do novo procedemento de calidade *DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo* na Xunta de Escola do 25 de maio:

- Anexo 1. Lista de procedementos en vigor
- Anexo 6. Mapa de Procesos.

A Comisión aproba por asentimento os dous anexos.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 52 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a sete de xullo de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 07/07/2021



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 07/07/2021



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 7 de xullo de 2021	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa ausencia	
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado



ANEXO III

Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
- c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
- e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas



ANEXO IV

Anexos 1 e 6 do Manual de Calidade.